



## **CIRCULAR DA DIRECCION XERAL DE PATRIMONIO NATURAL SOBRE A ACTIVIDADE CINEXÉTICA DURANTE A VIXENCIA DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECIFICAS MOTIVADAS POLA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DO COVID-19 NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

Mediante o **Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2**. A dita declaración afectou a todo o territorio nacional e a súa duración inicial, que conforme ao disposto no seu artigo 4 estaba prevista ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020, estendeuse ata as 00:00 horas do día 9 de maio de 2021, ao ser prorrogada mediante o Real Decreto 956/2020 do 3 de novembro.

Conforme ao artigo 2 de dito Real Decreto, aos efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación, e, en cada comunidade autónoma a autoridade competente delegada será quen ostente a presidencia da comunidade autónoma. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar , por delegación do Goberno da nación , as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo algún .

No artigo 5 do Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro recóllese, como medida desde a súa entrada en vigor en todo o territorio nacional ,coa excepción de Canarias, a limitación da liberdade de circulación das persoas polas vías ou espazos de uso público durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas, salvo as excepcións previstas no precepto, e coa posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente poida adoptar, no seu ámbito territorial, determinadas decisións no que toca á hora de comezo e finalización de dita limitación. Nos artigos 6 a 8 do citado Real Decreto contéplanse medidas relacionadas coa limitación da entrada e saída das persoas das comunidades autónomas, así como de ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferior á Comunidade Autónoma coas excepcións previstas no apartado 1 do artigo 6 do citado RD 926/2010, de 25 de outubro, así como a limitación de permanencia das persoas en determinados espazos e lugares.

Así mesmo se sinala no RD que cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal para adaptar as medidas que estime necesarias, sen prexuízo do establecido no RD.





Neste contexto normativo, aprobouse o **Decreto 178/2020, de 30 de outubro e o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria**, na condición de autoridade competente delegada, no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Posteriormente, publicáronse os Decretos 182/2020, de 13 de novembro , 186/2020 do 18 de novembro , 187/2020, do 20 de novembro, 194/2020 de 25 de novembro , 197/2020 do 27 de novembro e 202/2020 do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, mediante os que se modifica o Decreto 179/2020, do 4 de novembro.

As medidas adoptadas nos citados decretos consisten no establecemento de limitacións á entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais de Galicia, podendo quedar exceptuadas das ditas limitacións e conforme ao previsto no artigo 6.1 do Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, aqueles desprazamentos adecuadamente xustificadas que se produzan polos motivos que se enumeran no número 2 do punto primeiro, motivos que inclúen as causas de forza maior ou situación de necesidade, así como calquera outra actividade de análoga natureza ás permitidas debidamente acreditada.

Así mesmo, establecéronse limitacións de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados, permanencia que queda limitada aos grupos formados por un máximo de 6 persoas, excepto convivintes e, en determinados ámbitos territoriais , límitanse os grupos aos constituídos só por persoas convivintes, en concreto nos concellos nos que a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria aconsella a adopción de medidas mais restritivas para conter a propagación das infeccións ocasionadas polo SARS-CoV-2 con determinadas excepcións.

De modo complementario ao Decreto 179/2020, do 4 de novembro, publicouse a Orde de 4 de novembro da Consellería de Sanidade, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Orde que foi modificada polas Ordes de 13 de novembro de 2020 , de 18 de novembro de 2020 , 20 de novembro de 2020 , 25 de novembro de 2020, 27 de novembro de 2020 e 3 de decembro de 2020.

Neste ámbito normativo, e polo que toca á actividade cinexética, cabe recordar que xa no propio contexto do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE, 14 de marzo de 2020), e no que se estableceron limitacións á liberdade de circulación das persoas salvo para determinadas





actividades expresamente previstas, para as actividades análogas ás permitidas e para os supostos de forza maior e situación de necesidade, xa dende os órganos directivos competentes do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, nunha misiva dirixida ás Comunidades Autónomas datada o 14 de abril de 2020, se fixo a comunicación de que manter á actividade cinexética no contexto do citado Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo tiña dúas finalidades esenciais, por un lado evitar o risco de propagación de enfermidades animais, algunhas delas zoonóticas e doutro lado, previr os danos que poidan ocasionar ás producións agrícolas ou gandeiras.

Pola súa parte e na Comunidade Autónoma de Galicia estiveron permitidas as autorizacións excepcionais por razóns de prevención dos accidentes de tráfico, danos á agricultura ou a gandería e riscos en sanidade animal (prevención da entrada da peste porcina africana) ocasionados por especies cinexéticas (especialmente xabaril)

En efecto, as **poboacións de xabaril** veñen experimentando un incremento no conxunto do territorio de Galicia que obedece aos cambios de uso no medio e ás características ecolóxicas da especie. Isto ten propiciado o desenvolvemento no territorio de hábitats adecuados para o xabaril, o cal unido a gran capacidade reprodutiva da especie, á súa adaptabilidade a múltiples ecosistemas e á escasa presenza de depredadores, son as principais razóns deste incremento demográfico.

Na situación actual, **cobran especial importancia os danos que especies cinexéticas, especialmente o xabaril, provocan nesta comunidade autónoma.**

Segundo fontes do propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, estímase que en España existe unha poboación superior ao millón de xabarís, e segundo os datos preliminares achegados polo proxecto de seguimento europeo ENETWILD, esta podería duplicarse no horizonte de 2025, se non se toman medidas de control adecuadas, que **deben ser sostidas no tempo.**

Así mesmo, a sobrepoboación de xabaril, que afecta a todos os países da Unión Europea, constitúe un factor importante na difusión e mantemento da PPA (Peste Porcina Africana), con consecuencias económicas catastróficas sobre todo para o sector porcino, xa que hai constancia de diseminacións desta doenza que de forma principal se produciu a través de poboacións de xabarís silvestres, polo que o risco de chegada a España crece ao constatare a súa presenza en países próximos ás nosas fronteiras. Esta é unha razón máis que pon de manifesto a necesidade de controis mais exhaustivos das poboacións de xabarís, tanto no medio natural como en contornas urbanas. As elevadas densidades non só favorecen a dispersión da





enfermidade, senón que dificultan a erradicación, o cal fai aumentar o risco de que se converta en endémica en moitas zonas de Europa.

A Axencia Europa de Seguridade Alimentaria (EFSA) recomendou en novembro de 2018 aos países membros estabilizar e, se é posible, reducir as densidades de xabaril en Europa mediante a posta en marcha de maneira coordinada de diversas medidas de xestión, dado o importante papel que a especie xoga na dispersión e mantemento da enfermidade e que a correcta xestión do xabaril en áreas onde a enfermidade aínda non está presente, é de vital importancia.

A especie provoca e sigue a provocar nestes momentos múltiples danos na agricultura e numerosos accidentes de tráfico. Polo que sigue plenamente vixente á necesidade de poder soster o control sobre as poboacións de xabaril na comunidade autónoma e poder actuar tamén en situacións puntuais reiteradas de danos ocasionados polo lobo sobre a gandaría que impidan ou dificulten o normal funcionamento deste sector, así como o control de fauna respecto dos accidentes de tráfico, xa que aínda que as restricións derivadas do estado de alarma fan prever un descenso no tráfico por estrada, normalmente este tipo de actuacións cinexéticas danse en puntos negros nos que reiteradamente os exemplares de fauna silvestre prevese que sigan a provocar accidentes.

A vista das normas e antecedentes anteriormente citados, e na medida en que se considera á actividade cinexética ligada á cadea de produción agroalimentaria, e dados os riscos de posibles vías de transmisión de enfermidades e accidentes de tráfico que provocaría unha ausencia de control en determinados supostos da fauna silvestre, esta Dirección Xeral con competencias en materia de caza e conforme ao previsto na letra j), do apartado 2 do punto primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada, no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, modificado polos Decretos 182/2020, do 13 de novembro, 186/2020 do 18 de novembro e, 187/2020, do 20 de novembro, 194/2020 do 25 de novembro, 197/2020 do 27 de novembro e 202/2020 do 3 de decembro, interpreta:

**1º-** Que nos ámbitos territoriais previstos no punto primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada e tendo en conta as posteriores modificacións deses ámbitos territoriais que se realicen como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica, quedan





exceptuadas das limitacións á entrada e saída de persoas dos citados ámbitos territoriais previstos, así como das restricións á permanencia de grupos de persoas en espazos públicos limitada a persoas conviventes, as accións de caza colectiva, sempre que se realicen exclusivamente sobre as seguintes especies cinexéticas (xabaril e lobo), e nos seguintes supostos:

- a) Accións de caza sobre o xabaril, de acordo coa planificación aprobada para a tempada de caza 2020/2021 nos Plans Anuais de Aproveitamento Cinexético dos tecor, e accións autorizadas especificamente en terreos de réxime cinexético común.
- b) Accións de caza con ocasión de danos á agricultura ou á gandería ocasionados polo xabaril e/ou lobo (que en todo caso requiriran da súa comprobación previa por parte das xefaturas territoriais da CMATV).
- c) Accións de caza como consecuencia de accidentes graves de tráfico reiterados nun mesmo punto quilométrico;

**2º-** En todo caso, durante o desenvolvemento destas accións de caza está permitida a actividade cinexética en todas as súas modalidades, sempre que se respecte a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, utilídense medidas alternativas de protección física. O uso da mascarilla será obrigatorio en todo caso, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.

Para o desenvolvemento da actividade cinexética organizada que implique a máis dun cazador deberá dispoñerse dun plan de actuación por parte do responsable da cacería, no que se detallan as medidas de prevención e hixiene a observar. O contido do devandito plan deberá ser trasladado a todos os participantes, co fin de garantir o seu coñecemento por estes con carácter previo, e deberá ser presentado, así mesmo, xunto coa correspondente solicitude de autorización de cacería, no seu caso. Así mesmo, non se compartirán utensilios de caza, nin trevellos de comida ou de bebida.

Todo o anterior aplicarase sen prexuízo de calquera outra medida de prevención que adicionalmente sexa decretada polas autoridades sanitarias.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Patrimonio Natural

Belén María do Campo Piñeiro (asinado dixitalmente)

